

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/10	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo de convocatoria:

Extraordinaria

Motivo: «Aprobación da Conta xeral correspondente ao exercicio 2024 e Aprobación definitiva do orzamento municipal para o 2025».

Data:

2 de outubro de 2025

Duración:

Desde as 20:42 ata as 22:00 horas

Lugar:

Salón de plenos

Presidida por:

María Dolores Castiñeira Alén

Secretaria:

Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SI
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SI
***9999**	Iván Lorenzo Rodríguez	SI
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	NON
***0765**	Jorge Gregorio Vaqueiro	SI
***9888**	José Luis Fernández Pérez	SI
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SI
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SI
***1083**	Salustiano Guerra García	SI
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SI
***7850**	Selene González Luis	SI



***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SI
***7909**	Óscar Domínguez Sequeiros	SI

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na Orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1273/2025. Aprobación da Conta xeral correspondente ao exercicio 2024	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 5, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: É unha mágoa non contar con Joaquín en fronte, que tradicionalmente é a persoa que defende os puntos económicos, espero que a súa ausencia hoxe aquí non sexa por nada malo.

A Conta xeral, como ben sabedes, trátase dun documento técnico elaborado polo departamento de Intervención. Este expediente da Conta xeral foi posto xa a disposición de todos os concelleiros e concelleiras no pasado 13 de xuño, foi ditaminada na Comisión informativa de contas na sesión do 25 de agosto de 2025, con 4 votos a favor e 3 en contra, e posteriormente foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 28 de agosto e no taboleiro de anuncios do Concello de Salceda, o 2 de setembro. Estivo ata o 23 de setembro sen que entrara ningún tipo de alegación. A Conta xeral conta con datos económicos, digamos que é un resumo económico do exercicio 2024 e os datos que ten aquí son sempre a 31 de decembro dese ano. Para salientar datos, digamos, máis importantes ou que teñen máis sentido, podemos falar no que respecta aos ingresos que vemos como contamos con superávit de 457.210,32 €, vemos que se pechou o orzamento cun crédito final de gasto de 11.530.886,17 € no que partiamos dun inicial de 5.000.000 €. Isto creo que é un reflexo do que levamos feito, de toda a xestión que se fai desde o goberno para poder incorporar estes 6.500.000 € ao orzamento, resultando, ao final, co ano de maior inversión e gasto neste Concello. Estamos falando de que, ao final, en todo o 2024 conseguimos facer 11.500.000 € en obras, servizos en beneficio da veciñanza e tamén vemos que as obrigas recoñecidas aumentan respecto ao 2023 en 1.000.000 €. No que respecta a ingresos, podemos ver que os dereitos recoñecidos netos descenderon a 8.176.000 €, que xa é unha cifra moi alta, pero inferior a 2023. Isto, como dixeran, na Conta xeral do ano pasado, no 2023, houbo, digamos que foi un ano distinto xa que se contabilizaron os ingresos polo préstamo do Plan de pago a provedores. Nos dereitos recoñecidos netos desta Conta xeral de 2024, observamos que hai unha execución total do 99,92 %; dos 8.000.000 € só quedan sen cobrar 6.266 €. Podemos ver que hai un resultado orzamentario positivo de 1.100.000 € e, no que respecta do remanente de Tesourería, este sitúase en 334.070 €. Xa, para acabar con dous temas que adoitan ser, ás veces, parellos, o aforro positivo en 2024 de 1.646.000 € e, no apartado de débeda, mantemos a débeda que tiñamos dun total de 2.650.000 € que corresponden ao Plan de pago a provedores, 2.011.000 €, e aos terreos do parque Raíña Aragonta, 542.934 €. Isto danos un nivel de endebedamento no Concello dun 37,2 %.



Estes son os datos máis salientables, pero, evidentemente, o informe é máis longo e, se tedes calquera tipo de dúbida, entendo que non, porque non entrou ningunha alegación nin nas comisións se falou nada do tema, pois aquí estamos.

Sr. Rodríguez Davila: Quero comezar desculpando ao compañeiro Joaquín que, por motivos persoais, hoxe non está aquí. Este Pleno foi convocado, extraordinariamente, a semana pasada a Comisión e posteriormente do luns, este Pleno, polo tanto, non se atopa e non pode estar, e pido e descúlpo a el persoalmente.

Ben, a Conta xeral é o reflexo da situación do orzamento do ano 24, é dicir, onde, como, para que e de que xeito se gastaron os cartos a través dos tributos e das taxas dos nosos veciños. Pero vendo o Informe da señora Interventora, é clarificador, pero para mal, non para ben desgraciadamente. O xeito de xestionar, mellor dito, o xeito de mal xestionar, de malgastar demasiadas veces como digo, os tributos e os impostos dos nosos veciños. Di a señora Interventora municipal que: “En primeiro termo resaltar que en base á lectura dos informes de intervención do ano 24 achegados, faise constar a insuficiencia de medios persoais e materiais para fiscalizar os expedientes do Concello, e dos cales moitas veces a Intervención non ten coñecemento, polo que estas limitacións non contribúen a que se poida facilitar unha información máis detallada.” Isto dio unha habilitada nacional, unha funcionaria que di claramente que non temos medios e que o que aquí di, pois ao mellor non é real de todo porque, como digo, non ten os medios suficientes e conclúe que: “las observaciones y los reparos interpuestos se refieren fundamentalmente a la falta de contratos administrativos que amparen las facturas que se reciben, cuando sí existe contrato, se insiste en la tramitación de contratos menores, evidenciando en muchos casos supuestos de fragmentación ilícita”, é dicir, dividimos os contratos para licitar a dedo, “en tanto que se pretenden cubrir necesidades estructurales, por ejemplo, reparaciones diversas en viales y jardines, suministros de material de obras, servicios de prevención de riesgos, servicios de mantenimiento informático etc., reduciendo la concurrencia”, é dicir, reduciendo a oportunidade de diferentes provedores para concorrer a optar a ser contratados polo Concello para facer ou prestar os servizos nesta Administración pública, como digo, dividimos os contratos en cantidades que permita a lei para contratar a dedo pola señora Alcadesa a quen ela mellor lle conveña, dio a señora Interventora non o digo eu. Segue dicindo a señora Interventora: “contratos irregulares del personal laboral temporal que se mantienen artificialmente en el tiempo, así como un exceso al recurso al contrato laboral temporal y nombramiento interino.” Máis claro, auga. Dio tamén respecto do persoal: “incumplimiento de lo dispuesto en el artículo 4 del Real decreto 424/2017 en tanto que no se facilita a esta Intervención la información y la documentación que se solicita”, increíble, a señora Interventora está dicindo que o Goberno non lle facilita os datos que ela mesma solicita para facer a fiscalización idónea, exacta e correcta. Segue dicindo “imprescindible para poder fiscalizar los gastos y en este Informe se resume”, “incumplimiento sistemático de la tramitación del procedimiento de contradictorio de resolución reparos” etc. Podería estar aquí lendo este informe que é un documento público oficial dunha interventora municipal, habilitada nacional, que lle tira das orellas, e ben tirada, a este Goberno que, como digo, mal xestiona os recursos de todos nós, non lle dá os medios para facer unha fiscalización exacta e correcta, ela mesma o di, incumprimento sistemático e reiterado do procedemento de contratos dunha Administración pública, no persoal, na adxudicación de servizos, de obras, etc., pero isto ao BNG e ao PSOE lles da igual porque están de acordo con esta tramitación a



pesar do que din e as súas contradicións. Di a señora Interventora: “ Auditoría pública. La existencia de expedientes de reconocimientos extrajudiciales y lo elevado de sus importes es un indicativo no solo de un retraso en la tramitación de los expedientes de gasto, sino también de irregularidades”, señores do BNG e do PSOE, “de irregularidades en la tramitación administrativa”. Polo tanto, lendo só parte deste informe xa un se fai a idea de como traballa e de como xestiona o Goberno do noso Concello os recursos de todos nós e que, como digo, é apoiado e aplaudido, politicamente falando, polos señores do BNG e do PSOE. Di tamén a Conta xeral que hai unha insuficiencia en canto ao persoal, loxicamente, claro exemplo da Policía Local, leva anos nunha situación lamentable, nunca antes na historia a Policía Local tivo que facer servizos, incluso en horarios nocturnos, coa perigosidade que iso significa, cunha soa persoa, é dicir, cun só axente, nunca antes iso sucedera, sen medios, sen persoal etc. Que dicir en vías e obras? Nunca, tampouco, e lamentablemente, na historia do noso Concello, nunca antes, neste departamento, ocorreu que por primeira vez non houberse nin un só traballador directamente contratado polo Concello, é dicir, pertencente ao cadro de persoal do Concello, traballando exactamente ao mesmo tempo; é dicir, que as persoas que estaban traballando eran persoas que entraron a través de Plan de empregos doutras administracións, como pode ser a Deputación ou de empresas privadas ás que o Goberno de Salceda lles dá traballo.

Insisto, é a primeira vez na historia que o Concello en vías e obras non ten traballando a persoas do cadro de persoal do propio Concello, ben porque se xubiláron ou ben porque están en situación de baixa laboral, pero xa digo é a primeira vez na historia. Iso significa que nunca se repuxeron as xubilacións que houbo nos últimos anos e ao que se recorreu foi á privatización, e como non gusta o que se está escoitando, pois bótanse a rir; pero tan só hai que ver, moitas veces, quen anda co camión do lixo, ou quen anda co tractor municipal, ou quen anda coas furgonetas de vías e obras no noso Concello, ou quen traballa en servizos de limpeza no noso Concello: persoas contratadas polo Concello a través de empresas privadas, e iso chámase privatizar, iso chámase adxudicar servizos a dedo sen pasar un concurso público, tal e como denuncia a señora Interventora municipal. É así de claro e é así de triste o que está a suceder.

“Saldo de dubidoso cobro”, di a Conta xeral, efectivamente, sigue aumentando, en vez de intentar baixar esta cantidade, que pasa do ano 2022 a 438.000 euros, ao ano 2024 a 457.000, é dicir, un incremento do 5 %, significa que hai máis xente que non paga o que debe ao Concello e o Concello non fai nada por intentar cobrar eses tributos, esas taxas, polo tanto, a xustiza fiscal da que presume este Goberno, se ve claramente que a incumpren.

Débeda. Pois ben, a 31 de decembro do ano 2024, o noso Concello, en datos redondos, digamos, e oficiais, ten unha débeda de 4.200.000 €. O señor concelleiro dixo outra cifra ben diferente, efectivamente. Temos, a esa data, 31 de decembro, 412.000 € en facturas recoñecidas pero sen pagar, nesa data. Temos 1.243.000 € en facturas sen recoñecer e sen pagar, e temos 2.650.000 € con entidades bancarias, é dicir, a 31 de decembro o Concello tiña sen pagar 4.200.000 €. Polo tanto, esa é a débeda que tiñamos a esa data, efectivamente en xaneiro entraron ingresos, pagáronse, pero entraron tamén facturas e débeda, e, polo tanto, o real e o concreto é que a 31 de decembro do ano 2024 o Concello debía 4.200.000 euros. Exemplo de contradición e de mentirlle aos veciños, dicía a señora Alcadesa, no Pleno de febreiro deste ano, que había que pagarlle aos veciños, e leo textualmente: “a min meus pais ensináronme a pagar cando debo, hai diñeiro para iso, e, polo tanto, hai que pagar e é unha



absoluta irresponsabilidade por parte dos políticos non pagar á xente á que se lle debe”, mire vostede, cos datos que nos temos, a esa data, 27 de febreiro do ano 25, os recursos económicos dos que dispuña o Concello non chegaban para pagar ese REC, polo tanto, non chegaba nin ao millón de euros de liquidez que tiña o Concello nese momento, a 27 de febreiro, ou é que vostedes en xaneiro ou en febreiro non cobraron as súas nóminas? Ou é que non se lle pagou aos empregados públicos? Ou é que todo o que se ingresou desde 1 de xaneiro ao 28 de febreiro non se pagou nada e ninguén cobrou nin unha soa nómina neste Concello? Polo tanto, a señora Alcaldesa, unha vez máis, non di a verdade e a Conta xeral, como digo, é un reflexo da súa mala xestión no que se refire á xestión económica para onde foron destinados os recursos do noso Concello do último ano 2024. Por certo, un orzamento prorrogado do ano 2022, aínda que o Pleno ten a maioría absoluta, os gobernos que ostentan o Goberno levan 2 anos sen aprobar un orzamento ata o día de hoxe, se finalmente o aproban vostedes.

Sr. Domínguez Sequeiros: Nós, dicir que un é documento técnico e que nos remitimos a el.

Sr. Guerra García: Recoñecendo que efectivamente estamos falando dun documento técnico, para nós pódense extraer algunhas lecturas, lecturas que logo é o que nos dá a razón cando dicimos que o próximo punto que imos tratar, que é o orzamento, a posibilidade de negociar significa mudar certas cousas que parece que a outros, cando menos, non lle interesaron. Nós, xa o ano pasado, a respecto da Conta xeral 2023, fixemos especial fincapé nunha situación e son os servizos que están desenvolvidos por empresas alleas ao Concello, persoal de empresas alleas ao Concello e que nos calculamos que anda arredor dos 800.000 euros, 780 e algo mil, mil euros arriba, mil euros abaixo. Todos estes servizos dos que estou falando teñen un compoñente, e é que a maior parte do que se factura é man de obra, é dicir, non son servizos que leven carrexado consigo materiais ou outros subministros que formaran parte importante dunha factura. Se nos centramos en que este Concello, como calquera particular, é un consumidor final e o IVE non pode, digamos, cobralo, porque non ten servizos que facturar, nos atopamos con que estes case 800.000 €, se lle detraemos aproximadamente un 30, un 35 %, depende da ganancia empresarial que cada empresa aplique na facturación ao Concello, estamos falando de preto de 200.000 € que se pagan innecesariamente, precisamente porque o cadro de persoal do Concello está minguado nun terzo. Eu entendo que se non se soluciona unha cousa, efectivamente hai que buscar remedios, pero é que estes remedios encarecen deste xeito un 30 e algo por cento, encarecen os servizos que se lle ofrecen á veciñanza, e encarece por iso, porque non é posible, esta entidade non é unha empresa calquera, que factura IVE e logo compensa co IVE que paga por material que compre. Aquí non se dá esta situación porque somos consumidores finais, unha Administración é un consumidor final, co cal estamos falando de simplemente o que se paga a máis por esta situación de ter externalizados determinados servizos onde a man de obra supera como moito o 90 % do que se lle factura ao Concello, estamos falando de entre 5 e 6 persoas que podían estar cobrando do Concello, con salarios dignos e simplemente a conta desa marxe que se está pagando neste momento de máis, para nós é importante esta situación de aí que lle deramos a importancia que cremos que ten cando foi a negociación dos orzamentos, e aínda que non chegáramos ao punto onde nos queríamos, pois, indubidablemente, o compromiso deste Goberno, que non temos dúbidas de que o van cumprir, de ir a sacar as prazas que están libres dentro da Relación de Postos de Traballo, nos permitirá no 2026 ata pasado o 2027 reducir substancialmente o que son estas facturas que se están neste momento pagando sobrevaloradas. De aí a



importancia que lle demos no seu momento á nosa posición sobre a convocatoria de prazas, de aí a nosa posición a respecto de viabilizar o orzamento 2025 e a verdade lamento que se hai quen lle dá importancia a esta situación non se sentara tamén a falar disto intentando buscar unha solución.

Sr. Rodríguez Canosa: O Partido Popular sempre coas súas historias, teñen unha habilidade dunha Conta xeral invéntanse unha novela, non fai falta buscar máis, só hai que ir á última páxina. Santi, dis que a débeda son de 5 millóns, 4 e pico, dixeches, é que está claro aquí, 2.650.000 e aquí xa che pon: en Abanca 2.100.000, no BBVA 542.000 €. Pero *bueno* vós seguides enganando a xente co voso discurso final. Curioso, agora tamén dis que non hai persoal, nunca escoitei ao PP nas modificacións que se fixeron da RPT propor máis prazas no departamento de Intervención, nunca escoitei, ao mellor acordástesvos agora de repente. Máis mentiras, como o da Policía, nos últimos meses dime que día houbo na quenda de noite un policía traballando. Non hai. Porque, de feito, hai un acordo con eles de que se só está un porque a outra persoa está de vacacións, de baixa ou o que sexa, pois trasládase á quenda de tarde, ou sexa, outra mentira máis do señor Santiago Rodríguez. Por certo, estes orzamentos que esperemos que aprobemos no seguinte punto, xa inclúen a dotación de crédito na partida de persoal para as dúas novas prazas que aprobamos en sesión plenaria, que este Goberno, por certo, aprobou e que o PP, evidentemente, non apoiou. Dúas prazas máis de policía que o PP non apoiou. Curioso, por un lado bloqueades ao non querer negociar orzamento, bloqueades ao non aprobar novas prazas para este Concello e, por outro lado, estádesvos queixando e estades “denunciando”. Santi, un pouco de rigor, se queres realmente que mellore a dotación de persoal deste Concello axuda a iso, e cando se traen aquí propostas de modificación da RPT non votes en contra e fai achegas ou, por exemplo, cando traemos para cubrir dúas prazas máis de policía, vota a favor e non votes en contra como o fas normalmente. Ata que o orzamento non se aprrobe non se poden habilitar esas dúas prazas porque non hai crédito, polo tanto este bloqueo sistemático do PP nestes meses tamén fai que non poidamos dotar a este Concello de máis prazas. Por certo, mañá venres, se hoxe se aproba o orzamento será das primeiras cousas que faremos.

Outra mentira do PP e de Santiago Rodríguez Davila, o de vías e obras que acaba de dicir, porque ademais, curiosamente, o tema vén de aí, porque ao mellor o PP ten esa imaxe de vías de obras de antes, non? Curiosamente, nos últimos tres anos, catro mulleres comezaron a traballar no departamento de vías e obras deste Concello, ao mellor pensas en homes ou pensas noutra cousa, non, catro mulleres, podo poñerlle nomes pero evidentemente prefiro non facelo por protección de datos. Pero, catro mulleres, as catro como funcionarias interinas, agora mesmo hai dous homes, dúas persoas de baixa no departamento de vías de obras e esas persoas están sendo substituídas por dúas funcionarias interinas, grazas ao proceso de estabilización. Polo tanto, *bueno*, outra mentira máis de don Santiago e, despois, xa podería entrar en máis profundidade, evidentemente buscaches xusto as palabras e frases, incluso mesturaches algunhas frases para que soara mellor... non me vou enredar nisto. Non, eu linche datos obxectivos, ti fixeches un resumo subxectivo do que pasa pola túa cabeza e que na túa cabeza imaxinas que sería o ideal, porque ao final o PP como dicía a Rajoy, ao final que vaia mal para os veciños é bo para vós, entón evidentemente, o que desexades non é o ben para Salceda senón o voso propio ben.



Sr. Rodríguez Davila: Nunca mellor dito o seu propio ben, si señor Alejandro, loxicamente, o seu propio ben, loxicamente. Ou sexa que non é certo que en vías obras hai unha privatización *abrumadora*? Non é certo que a maioría das persoas que están traballando en vías obras son contratadas a través de empresas privadas? Non é certo que hai empresas privadas que utilizan o tractor municipal?

Sra. Alcaldesa: Non lle vou consentir que siga mentindo porque non é así, hai cinco persoas no departamento que ademais dirixo eu en vías é obras. Non siga mentindo porque non é así, ademais me consta que varias delas miran o Pleno, deben estar incluso sorprendidas, non é certo. Non siga dicindo que non hai persoal en vías e obras e que está todo privatizado, hai cinco persoas nese departamento. Non minta.

Sr. Rodríguez Davila: Estou dicindo o que estou dicindo e reitérome no que estou dicindo. E unha vez máis somos nós os que interrompemos? Os que faltamos ao respecto e sacamos a palabra? Ás probas me remito, as facturas están aí, as empresas están aí traballando, os coches utilizados polas empresas privadas están aí etc. E, polo tanto, reitérome no que estou dicindo. O que pasa é que as verdades molestan. Alá vostede. O servizo na Biblioteca, en parques e xardíns etc. Como dixen antes, e como di a señora Interventora, división de contratos para adxudicar a dedo, a adxudicación a dedo da persoa que está traballando no pavillón, claramente un dedazo sen pasar por ningún procedemento e dándolle a oportunidade aos demais veciños que teñen o mesmo dereito que esta persoa, que nada temos en contra del, que ten o mesmo dereito que os demais veciños, pero, que casualidade, persoas afíns ao seu partido que estiveron en campaña electoral botándolle unha man e que ten dereito e que respectamos; pero que é inxusto que os demais veciños non teñen a oportunidade ao igual que tivo este señor de poder optar a esa praza no pavillón municipal e que vostede contratou a dedo por 20 € menos do que a lei lle obrigaría a sacala a concurso público. Iso como se chama, señora Dolores Castiñeira? Como se chama? Un dedazo, cacicada? Chámelle vostede como queira, pero é así de claro, as verdades cando doen interrompemos e nos votamos a rir e intentamos despexar o balón, pero son verdades que están aí demostrables e polo tanto non teño por que retractarme do que dixen reafirmo en nome deste Grupo ao que acabo de dicir. A débeda, loxicamente, o Concello debía esa cantidade a final de ano, chámelle vostede como queira, o Concello tiña sen pagar 4.200.000 € entre os préstamos, entre facturas pendentes de recoñecer e sen pagar e facturas recoñecidas sen pagar, 4.200.000 €, iso é o que debía o Concello a 31 de decembro do ano 24, ou é que só se deben os préstamos? Non, o Concello debía dous millóns e pico en préstamos, un millón e algo en facturas sen recoñecer e catrocentos e pico mil en facturas recoñecidas no ano 2024 que non foron capaces de pagar, polo tanto suman 4.200.000 €.

En definitiva, a Conta, por moito documento técnico que sexa, señores do BNG e señores do PSOE, é un documento que reflexa a execución do orzamento, onde se gastaron, en que se investiron, en que se deixaron de investir e a que destinamos os recursos públicos, e polo tanto nós non podemos apoiar esta Conta xeral. Por que? Porque esta Conta xeral ten máis débeda, impagamentos a provedores, privatización de servizos, errática xestión económica, como ben dixo a Sra. Interventora, plans case inexistentes para familias, falta de persoal en moitos departamentos, Policía Local esquecida e reducida a mínimos coma nunca antes, atención insuficiente ao desenvolvemento industrial e planificación a medio e curto prazo do noso



Concello, como queremos que sexa o noso Concello, nada do Plan xeral, nada de solo industrial, nada de circunvalación etc., etc. E, polo tanto, como vamos a apoiar isto? Alá vostedes se queren apoiar isto, polo tanto logo non se poñan de perfil, vostedes fixeron Goberno e fixeron Alcaldesa a señora Castiñera, vostedes son igual de cómplices, ou tanto ou máis, que os señores de Movemento Salceda, non hai máis. Porque vostedes todos suman a maioría absoluta deste Pleno, por iso non goberna o Partido Popular, lexítimo, respectable. Agora ben, non nos pidan que nós sexamos a muleta ou que sexamos o flotador salvavidas dun goberno en minoría, non, vostedes a fixeron Alcaldesa e vostedes son cómplices, politicamente sempre falando, loxicamente. Polo tanto, remato dicindo que non podemos apoiar esta Conta e o noso Grupo, loxicamente, vai votar en contra dunhas contas que non compartimos en absoluto.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto que as contas xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2024 foron informadas favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión de data 25.08.2025, e expostas ao público no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia núm. 163 de data 28.08.2025, durante quince días, os interesados puideron presentar alegacións.

Visto que no expediente electrónico núm. 1273/2025 consta que non se presentaron alegacións dentro do período de exposición pública.

De acordo co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

Propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar as contas xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2024.*

Segundo.- *Remitir a Conta xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.”*

VOTACIÓN: Sometida a proposta a votación esta resulta aprobada por 6 A FAVOR (4 MS) (2 PSdeG-PSOE), 5 EN CONTRA (5 PP) e UNHA ABSTENCIÓN (1 Grupo mixto -BNG), adoptando o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as contas xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2024.



Segundo.- Remitir a Conta xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.

Expediente 938/2025. Aprobación definitiva do Orzamento municipal para o exercicio 2025	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 5, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Continuamos neste Pleno económico, neste seguinte punto o que pretendemos é a aprobación definitiva do orzamento para 2025, o que vén a ser, resolver as alegacións presentadas ao mesmo.

Por facer uns antecedentes o orzamento 2025 foi aprobado neste Pleno municipal o 28 de agosto de 2025 no Pleno ordinario do mes de agosto, posteriormente foi publicado o acordo no Boletín Oficial da Provincia o día 2 de setembro de 2025, cun prazo de exposición pública de 15 días naturais; así mesmo foi publicado tamén no taboleiro de anuncios do Concello de Salceda de Caselas o 3 de setembro, estando en exposición pública ata o 23 de setembro. Nese período presentouse unha alegación formulada por Joaquín Núñez Troncoso, o 21 de setembro de 2025, con número de rexistro 2025/2116.

Unha vez analizadas as reclamacións presentadas por Joaquín, entendo que no nome do Grupo Popular, elaborouse o Informe de Intervención onde se dá conta destas alegacións e que paso a enumerar e un pouco a resumir. Penso que xa está bastante resumido e bastante aclarado no Informe de Intervención, que supoño que o Partido Popular lle fará o mesmo caso que o anterior Informe de Intervención. Vai facendo un repaso polas alegacións, en primeiro lugar, di que Joaquín como veciño está habilitado para facer estas reclamacións, ten a condición de interesado de acordo co disposto en o artigo 170.1. Comezando, coas reclamacións: a primeira reclamación vén a dicir que non se recolle no capítulo 6 a achega do Concello no exercicio 2025 para o convenio coa Confederación Hidrográfica, aquí a Interventora lle aclara ao Partido Popular que ao non ser un investimento non ten por que estar no capítulo 6, e tal como poderían revisar no orzamento estes 2.500 euros xa se encontran na aplicación orzamentaria 160/45390, incluso se encontra esta aplicación e a partida no convenio que se trouxo a este Pleno e se aprobou en sesión plenaria do 29 de maio de 2025. Tamén o Partido Popular di que non se recolle o gasto correspondente á elaboración dun estudo da mobilidade coa Picoña co Castro Barreiro e coa Feira, que foi aprobado no Pleno celebrado 27 do 2 de 2025 este acordo. A Interventora xa nos di aquí que unha moción ao final é un acordo político e que non ten por que ter consecuencias directas no orzamento e a verdade é que non ten por que ser así. Xa se comezou a traballar neste estudo, pero tampouco é preciso dotalo orzamentariamente para comezar a traballar. De feito, por unha banda, xa existen partidas no orzamento para este tipo de estudos e, pola outra, estamos aínda nunha nova fase inicial deste estudo, xa se contactou coa parte técnica e ao final é un proceso que non se fai nunha semana ou en dúas. Si que, seguramente, no 2026 nos orzamentos do 26 si



que veña unha partida para ese estudo.

Na seguinte reclamación o Partido Popular propón un incremento na Educación ata un total de 475.000 €, coincidente co sumatorio, non? A Interventora directamente xa di que non entra a valorar porque se trata dunha proposta e non dunha causa de reclamación, ela elaborou o orzamento e recorda que o orzamento se atén a regras fiscais e que ten que se aprobar sen déficit inicial, polo tanto ten que dar cumprimento a estas cuestións. Na seguinte, o Partido Popular tamén pide que no capítulo 1, Gastos de persoal, se inste a unha maior desagregación e que permita coñecer o importe de indemnizacións en favor de traballadores, cousas que, ademais, xa solicitaron neste Pleno. No estado do orzamento, nos anexos de persoal, está recollido o que ten que recollese, que son os complementos de cada traballador e de cada traballadora, e a verdade é que o Partido Popular ten acceso a todos os decretos, poden consultalos, e como moi ben lle di a señora Interventora, estas cantidades poden consultalas vostedes nestes decretos de recoñecementos de obrigas e de ordenación de pagamentos. E, en quinto lugar, céntranse un pouco nas subvencións nominativas. Falan de que se manteña a asignación do Caselas Fútbol Club e das Escolas Deportivas e que se aumente a asignación aos centros culturais e a unha nova asociación. No que respecta a isto, cómpre aclarar diferentes cousas. Como ben sabedes, o orzamento municipal está suxeito a un Plan de axuste aprobado por este Pleno municipal no ano 2023 e que non permite aumentar os gastos sen aumentar os ingresos. Polo tanto, o que este Goberno valorou e formulou é unha redistribución das subvencións nominativas. O Caselas pasa de 18.000 a 15.000 euros, hai que aclarar, o Partido Popular di que o Caselas ascendeu de categoría polo que ten maiores gastos, entón hai que manter, entendo que cando o Caselas descendeu tampouco pediron que se lle minorara a súa subvención, como tampouco, evidentemente, se fixou porque tiña menos gastos. Creo que o tema da categoría é un tema máis a ter en conta, pero tampouco debe ser o principal. Respecto ao Caselas, tamén, este é un proxecto de orzamentos que leva meses feito e cando se comezou a traballar con el aínda non rematara a tempada o Caselas, aínda non ascendera e, evidentemente, fíxose pensando na situación actual daquel momento.

Despois tamén hai que aclarar un pouco os investimentos, o Caselas é un club do que, evidentemente, e quero reiterar, estamos moi orgullosos e estamos moi contentos de que ascendera a primeira, oxalá que esta tempada consigamos ascender a preferente, e mostra diso é o gran investimento que o goberno Salceda fai no Caselas, tanto no equipo coma no campo que utiliza que é o campo da Gándara. Uns investimentos, uns gastos, que creo que é bo tamén dicir e recalcar que os gastos de mantemento e o gasto de funcionamento do campo da Gándara supoñen máis de 50.000 euros ao ano, dos que a maioría vanse no mantemento do céspede: 28.000 euros. Pero tamén en electricidade, 5.000 euros, en limpeza, 11.000 euros e despois, evidentemente, nas tarefas de arranxo e mantemento que hai que facer. Cómpre dicir, tamén, que durante este verán se fixeron moitas obras de pintado e de mantemento no campo da Gándara e ademais o club tamén conta con outras vías de financiamento que mantemos e que pensamos que son acordes, estamos traballando en novas vías para que o Club se poida financiar e poida recuperar facilmente estes 3.000 euros e, ademais, o Club, a idea é que o Caselas Fútbol Club poida manter a xestión da cantina do campo como leva facendo e que, evidentemente, supón un gran ingreso para eles. Na outra redución que respecta ás Escolas Deportivas, redúcense 2.000 euros, e ao final tamén é unha redistribución. Nos últimos anos as Escolas Deportivas manexan xa menos fichas que anteriormente, xa que agora non están xestionando nas categorías de baloncesto, nas categorías de balonmán ou na



categoría de bádminon, xa non están xestionando eles as fichas do deporte base e estas fichas pasaron a xestionalas directamente os clubs, de aí que o reparto vaia cara a estes clubs. Outro dos motivos é que se está elaborando un convenio coa Comunidade de Montes de Entenza para o aluguer do pavillón, un aluguer que antes sufragaban as Escolas Deportivas e que agora sufraga o Concello, polo tanto teñen un aforro de máis destes 2.000 euros que se lle reducen. Como ben dixen, pásanse a baloncesto, balonmán e bádminon, tres colectivos e tres clubs que están traballando igual que o resto, moi ben están aumentando moitísimo nas súas fichas, e polo tanto, si que cremos xusto subir a estes clubs 1.000 € euros máis de asignación e ceir unha nova subvención para o Club Bádminon de Salceda. E, tamén, dúas subidas que cremos que son xustas e que son merecedoras, que son as dos nosos entroidos. Estamos loitando para que o noso Entroido sexa a declarado Festa de Interese Turístico, á parte, no último mes puidemos ver como Merelles, Secretario Xeral da Axencia de Turismo de Galicia, observou en directo a actuación do noso rancho da Feira en Santiago e ao día seguinte asistiu aquí á Festa dos Callos, e tal como nolo dixo é que quedou moi contento, e así llo dixo tamén ás persoas que forman o Rancho do Entroido da Feira, e esperamos conseguir xa, por fin, esa declaración de Festa de Interese Turístico. Polo tanto creo que é máis que meritorio que o Castro Barreiro e A Feira aumenten estes 1.000 € euros. Incluso oxalá fose máis, pero temos que ser cautos ao mesmo tempo e ir pouco a pouco.

Despois, nos centros culturais, insistimos, non se poden subir o global das subvencións non llas podemos subir a todos os centros culturais, ogallá puidésemos, nós estaríamos encantados de subirlas e a outros colectivos, como, por exemplo, á Banda de Música, que tamén merece unha subida na subvención nominativa. Que, por certo, todos sabemos cal é forma de aumentar as subvencións, como ben dixen antes, estamos acollidos a un Plan de axuste, que se queremos aumentar os gastos temos que aumentar os ingresos. Evidentemente, neste Pleno, por desgraza votouse en contra, non de subir os impostos senón de volver á cifra anterior que había de impostos antes da última baixada. Se a oposición non quere que se aumenten as subvencións aumentando os ingresos, evidentemente non pode ser. O Partido Popular reclama incorporar unha nova subvención nominativa, insistimos, non se pode, á Asociación de Comerciantes A Tabernanova, ao final, estamos falando de diñeiro público, que, evidentemente, ás asociacións que traballan e que fan actividades hai que apoialas e darlle. Pero, por exemplo, si que nesta casuística é curioso que pidades unha subvención para esta asociación de comerciantes, A Tabernanova, cando é unha asociación que practicamente xa está esgotada, non están moi activos, e léovos unha acta da última Mesa Local de Comercio celebrada non mes de xuño de 2025, vou ler textual: “Telmo, representante da Asociación de Comerciantes da Tabernanova, di que debido a que son poucos comercios, este ano non levarán a cabo ningunha campaña”, isto díxoo el, esta persoa, evidentemente, unha asociación que nos comunica, que tampouco nunca solicitou, que non están facendo ningunha actividade, evidentemente temos que apoiar primeiro aos colectivos que si que fan cousas e centrarnos, sobre todo, nestes colectivos.

Na última alegación, o Partido Popular solicitaba que se habilitara unha partida para o estudo dun mellor acceso ao CRA Raíña Aragonta, neste caso, non é ningunha causa de reclamación, tampouco sabemos moi ben de onde saíu esta proposta. As prioridades en Ensino neste Goberno xestionáronse e márcanse de acordo aos centros educativos, e cada ano fálanse nos consellos, nas mil reunións que Selene, sobre todo, a miña compañeira, e a Alcadesa teñen cos distintos centros educativos e as prioridades márcanse respecto deles. Xa este verán se



fixeron moi boas obras, importantes, de mantemento e de mellora destes centros educativos, e oxalá a Xunta tomara exemplo e realizara, por fin, esas demandas do Ensino de Salceda.

Sr. Rodríguez Davila: Señor concelleiro de Facenda vou empezar polo último que acaba de dicir, é lamentable, triste, por non poñer outro cualificativo, que vostede diga o que dixo respecto dos comerciantes e da Asociación de Comerciantes da Tabernanova. É lamentable, ou sexa xustificando que non teñen actividade, pero se vostedes nunca os apoiaron. Pero onde vostedes alentaron a eses comerciantes a que puxeran en marcha iniciativas? Con pequenas axudas puntuais en certos momentos? Vostede cre que con iso é suficiente? Se vostedes están encantados de que desapareza esa asociación. O reflexo está en que nunca se recollera en ningunha partida orzamentaria, en ningún orzamento, xa elevamos feito varias reclamacións a diferentes orzamentos nos últimos anos, nunca, se tiveran vontade política, xa que a señora Dolores Castiñeira presume de ser desa parroquia, aínda que ás veces non exerza como veciña. Oia, mire vostede. Polo tanto é lamentable, e seguro que cando escoiten a súa intervención eses comerciantes, en fin... Como ben se dixo, amparándonos nos regulamentos ao respecto, o compañeiro Joaquín, no nome deste Grupo maioritario desta Corporación, loxicamente, presentou unha serie de reclamacións, quero recordar aquí que, como dixen hai un momento, en moitas ocasións presentamos reclamacións de diferente índole a diferentes orzamentos, e levamos tres anos sen traer orzamento a este Pleno, e, en ningunha ocasión, creo que unha vez nun punto concreto, se tivo en conta o que este Grupo propuxo ao goberno daquel entón, e ningunha recollida en esta ocasión, non? Pero, para que vamos a perder o tempo con vostedes? Se vostedes cren que nós estamos para perder o tempo con vostedes? Non, home, vostedes teñen que dedicarse a gobernar con que lles fixeron o Goberno e a chegar a acordos como están facendo, para ben ou para mal. Entón, como vamos vir nós a recoller un documento que non vamos estar de acordo en case nada? Porque vostedes é un copia e pega do anterior, dos datos económicos son os que son etc., e despois facemos propostas, sensatas algunha delas, xa non dicimos que non recollan todas porque non teñen por que facelo, pero é un xesto, non? A este Grupo maioritario que representamos case a maioría dos salcedenses. Nada, nada. Intenta incluso ocultalo, incluso para este Pleno falan coa parte que os fixera Goberno e non con este Grupo para poñer o día Pleno, non pasa nada, están no seu dereito, non pasa nada, pero díganos publicamente que o seu é desprezar a este Grupo en todas as ocasións que poden. Incluso nas fotos, nos cortan, nos sacan de un lado, pero non pasa nada, nós seguimos aquí traballando, nos cortan a cabeza, sacan fotos sempre desde o lateral, pero non se preocupen que a nós iso non nos afecta, dígoos para que non pense que tampouco pasamos de todo e non nos damos de conta, pero que saiban que é ao contrario e iso nos motiva máis para seguir traballando e defendendo os veciños. Pero indo ás alegacións, porque, reitero, non recollen ningunha, e é curioso que agora falaremos dalgunhas delas, como propios membros desta Corporación se contradín a si mesmos, votan unha cousa e logo votan a contraria e logo votan outra vez o que votaron inicialmente, é algo sorprendente, pero bueno, “cosas verás Sancho”, como lle dicía o outro. Convenio de Confederación co noso Concello, efectivamente, señor Álex, señora Alcadesa, xa se dixo aquí no Pleno aquel que viu o mesmo convenio de que algúns compañeiros cualificaron de chapuza etc., ese convenio, o convenio di que é inversión, como din vostedes que non? O convenio, no seu apartado 4º, no punto 3, di, o convenio, non o digo eu, di: “El Ayuntamiento de Salceda de Caselas aportará 34.250 €, el coste inicialmente previsto, lo que supone un porcentaje de 5 % de la inversión”, efectivamente, di na aplicación orzamentaria 1607/ 45390, efectivamente, pero di da “inversión”, dio o convenio, entón, algo está mal, ou convenio ou o outro, unha de dúas; pero



nós nos amparamos no que di o convenio, o compañeiro Joaquín unha vez máis, acertado, se aplicou o que vén no convenio e que aprobou este Pleno.

Proposta de cantidade económica para estudo de posibilidade dunha circunvalación. Nós nos alegamos de que naquel momento se trouxera a Pleno isto, nós é público e notorio e referendado polos veciños en cada unha das convocatorias extraordinarias, levamos esa circunvalación desde hai moitos anos e nunca se fixou caso a respecto, viu a este Pleno, aprobámolo unanimemente, non se contempla nada no orzamento deste ano no 25, estamos a 2 de outubro do ano 25, ou sexa, vai ter o orzamento un vigor de dous meses escasos, isto é como traballa este goberno que ten a maioría plenaria, insisto, co apoio do PSOE e do BNG. Teñen o apoio maioritario, a maioría absoluta para aprobar os orzamentos cando consideren oportuno e levan dous anos e algo aquí e é a primeira vez que traen o orzamento ao Pleno, é algo sorprendente, como digo resulta que aprobamos unanimemente esa achega e agora non aparece no orzamento e loxicamente este Grupo presenta unha alegación, dicindo: oia, o que aprobamos no Pleno “nos lo pasamos por donde?” Non se respecta o acordo unánime de todos? Pois non, resulta que non recollen a alegación e agora vamos a ver, seguramente, como PSOE e BNG votan o que votan, incluso non apoiando unha alegación que aprobamos unanimemente neste pleno, pero *bueno*, “en estado puro las incoherencias y el quehacer del BNG e del PSOE”.

Educación, loxicamente, nós o que pedimos, con sensatez, para que logo non nos digan: “e que vostedes piden o imposible”. Non. Nós pedímoslles exactamente o que investiron ao que dá conta de resultados do exercicio anterior e tampouco ni iso. Por certo, outro día, hai uns días, a señora Alcadesa e a señora concelleira de área de Educación fixeron visitas aos colexios, nos parece moi ben que se preocupen, é a súa obriga, e estamos encantados de que así o fagan, pero teñan un pouco máis de coidado cando saquen as fotos, porque a verdade é que algunhas dan un pouco de pena e demostran o deterioro en que están os patios dos colexios, deberían repasar as fotos e mirar onde están os nenos e onde, nos recreos, xogan os nosos nenos. Bótenlle unha ollada ás fotos que publicaron, a ver se están supercontentas e orgullosas dos patios dos nosos colexios. Nin iso tampouco recollen.

Pedimos unha rebaixa, é dicir, en canto á rebaixa das subvencións ao Caselas e ás Escolas Deportivas. Dixémolo claramente, díxoo o compañeiro Joaquín no Pleno, e volvemos a insistir, xa non lle pedimos máis incremento, pedímoslle o mesmo do que viñan, o mesmo. Pois nin iso. As Escolas Deportivas din que agora xestionan menos. Pero como xestiona menos? Pero é que os custes en todos os ámbitos da vida, loxicamente trasladados ao Deporte e aos clubs, non se incrementaron como se incrementou a vida en si mesma? É o mesmo a xestión dun Club no ano 2010, 2011, 2012 que no ano 2025? Xa non lle pedimos que invistan o que se investía antes do 2009 cando vostedes aprobaron, naquel entón o BNG co voto do PSOE, os recortes nas subvencións a todas as entidades culturais e deportivas do noso Consello, desde entón, desde o ano 2010 seguen coa mesma cantidade, salvo esta pequena modificación que hai neste orzamento en tres cuestións, o resto, igual. Desde ano 2010 ao ano 2025, para vostedes os centros culturais, os centros de veciños, os clubs deportivos na súa maioría etc. etc., para vostedes teñen os mesmos custos, todo vale igual, os profesores custan o mesmo, os adestradores, as fichas federativas, o custo de material, todo igual. Di vostede que no Caselas investimos ultimamente no pintado, home, señor Concelleiro de Deporte, no pintado? Onde? Nas pastas de fóra? Despois de que voluntarios colaboraron coa directiva do Club para



pintar interiormente, que lle doaron a pintura e unha empresa se prestou a pintar nun edificio municipal cedido a un club deportivo? Que triste. Tería que caerlle a cara de vergonza e logo van vostedes coa brocha a pintar por fóra para xustificar que o Concello tamén colabora. En fin, que triste.

Busquen vostedes as reclamacións que facíamos nós ano 14, no ano 11, no ano 12, busquen as reclamacións que facíamos ao orzamento, búsquen, que dicíamos respecto dos colectivos respecto das porcentaxes de aumento etc., búsquen, das asociacións de xubilados, das mulleres rurais, dos centros culturais, dos nosos deportistas de elite que compiten a nivel nacional e internacional, que nada se fala deles, que intentamos varias veces traer unha ordenanza reguladora aos mesmos e nunca nola aceptaron.

Din vostedes, tamén, que non lles parece ben que nós reclamemos unha partida para incorporar a Asociación, como dixen, A Tabernanova ou tamén o feito de mellorar ou contemplar un estudo para mellorar o acceso á Raiña Aragonta, nós cremos que é un tema importante, só hai que ver o que padecen os pais no inverno cando hai que acceder a ese colexio. Creo que xa vai sendo hora de que nos plantemos en serio buscar unha alternativa de viabilidade e acceso a ese centro educativo e, polo tanto, nós non podemos apoiar loxicamente este orzamento e, logo, na segunda intervención, para cumprir o regulamento, direi o porqué.

Sra. Alcaldesa: Precisamente, falando de regulamento e para que quede ben claro e senón que me corrixa publicamente a Secretaria. o Regulamento di o seguinte: Os tempos de intervención incrementarase a 10 minutos para quen promove a proposta e na primeira quenda de intervencións, e cinco minutos na segunda quenda prevíndose unha derradeira quenda dous minutos para rematar as intervencións dos grupos, polo tanto, de 10, 10, 5 e 3 son os tempos que tería dereito Álex.

Sr. Domínguez Sequeiros: Cremos que son uns presupostos que están baixo un Plan de axuste que nós exiximos e que cumpren co que nós esiximos.

Sr. Guerra García: Este Pleno extraordinario está convocado precisamente porque hai unhas supostas alegacións, vámoslle chamar alegacións en principio, que a min gustaríame que estivera presente o señor Núñez Troncoso porque é o que asina, pero como fai en papel *membretado* do Partido Popular indubidablemente é o Partido Popular quen as presenta.

Eu non acabo de entender que o Partido Popular por unha parte se negue a sentarse a falar nada de orzamentos e posteriormente pretenda, vía escrito, modificar determinadas partidas. Eu, en principio xa teño dúbida, fóra do Informe de Intervención da lexitimidade ao señor Concelleiro para presentar este escrito, tamén hai por aí moita xurisprudencia, que o dereito a alegacións se reserva exclusivamente para a veciñanza en xeral ou para grupos ou asociacións que puideran ter interese no orzamento e reserva para os cargos da Corporación a vía do contencioso naquelas partidas indubidablemente se se observan deficiencias técnicas no orzamento que se pretende corrixir. O Informe de Intervención é demoledor, con independencia, e asumimos, para iso está a señora Interventora, a lexitimidade que ela lle dá ao señor Concelleiro, pero en canto á materia en si é demoledor. Ningunha das cuestións técnicas que se poñen no escrito teñen cabida segundo a señora Interventora. Pero é que, logo, as outras partidas, a min dáme a impresión de que é unha cuestión de populismo e de



dar unha segunda volta a imaxe de que aquí se está mirando por este, se está mirando polos outros... E, por que digo iso? Porque ou no Pleno onde se aprobou este orzamento o Partido Popular non se explicou ben, e houbo xente que lle pediu que se explicase mellor, ou non se entende que un Grupo que se nega a falar de nada dos orzamentos, posteriormente presente un escrito dicindo: queremos esta partida, queremos modificar isto, queremos modificar a outra... Eu non o entendo, non o entendemos. Talvez non fixeron unha boa exposición cando foi o Pleno do orzamento e posteriormente deberon arrepentirse de achegar só críticas e ningunha proposta ao debate. Porque houbo moita crítica pero propostas ao debate non as houbo no Pleno e indubidablemente non as houbo anteriormente, cando menos non negaron o que dixo a señora Presidenta de que nin sequera tiñan recollido a documentación cando se lles comunicou a posta en marcha da tramitación dos orzamentos. Cal é a idea do Partido Popular? O que non negocia na mesa solicitalo vía escrito por Rexistro?

Eu non acabo de entender esa situación, porque eu podería entender de que se algo novo sae a partir do momento da aprobación, algo que entendésemos que é importante ou determinante en certos aspectos, que puidésemos presentar unha reformulación dalgunha partida; agora, as mesmas partidas que o Partido Popular criticou a súa modificación no Pleno anterior sen ningunha outra alternativa, simplemente deixalas como estaban, sen negociar nin nada, e agora presentan un escrito que a mesma señora Interventora di que eses puntos concretos non proceden porque forman parte de calquera negociación e o Partido Popular negouse á negociación. Entón non acabo de entender que teñamos que ter un Pleno extraordinario para debater un escrito dun grupo político, neste caso, que non quixo tratar nada ao respecto da negociación dos orzamentos, fora mellor ou fora peor, hai diferentes posicións, a nosa é ben coñecida: non son os nosos orzamentos, aspirabamos a máis; pero, cando menos, sentámonos a falar dalgunhas cousas. O Partido Popular non o fixo e agora vía escrito, vía solicitude? Está ben que ese papel se reserve a calquera veciño ou veciña que non ten a posibilidade, ou ben de sentarse neste Pleno e expor o que quere ou ben, xa antes do Pleno, a sentarse nunha mesa de negociación coa xente do Goberno, estaría ben. Agora, que o faga o Partido Popular cando tivo todos os pasos nos que puido participar e non quixo participar, a verdade este Pleno extraordinario sobra. Estamos afeitos a criticar os Plenos extraordinarios cando cremos que non son necesarios, desde o punto de vista de quen non está no goberno, eu non estou no goberno,... Este Pleno extraordinario sobra nesta materia.

Sr. Rodríguez Canosa: Vou ir na liña do compañeiro Tano, o compañeiro do Grupo mixto non entende, eu si que o entendo, evidentemente o PP ben sabe que se non presenta ningunha alegación o orzamento queda aprobado automaticamente cando remata o prazo de exposición pública e, ao final, o PP está neste Goberno para atrancar; está neste Goberno para retrasar a acción do goberno, está neste Goberno pensando, como ben dixeran antes, pensando no seu propio ben como partido e no seu propio ben persoal e non pensando nos veciños e veciñas de Salceda. Evidentemente, moi acertado Salustiano, un Grupo que se nega a recoller o proxecto de orzamentos, que se nega a debater, que non fai achegas ningunhas durante o proceso, evidentemente contabamos de sobra coas alegacións do PP, contabamos con ter que facer un Pleno extraordinario máis, que por certo o Goberno non cobra, si cobran as persoas que non están no Goberno, e evidentemente co obxectivo de sempre do PP que é atrancar o Goberno, embarullar, en fin, política “de la buena” del Partido Popular.

Sr. Rodríguez Davila: Señor Alejandro me acaba de dar unha alegría, o Goberno non vai non



cobra, acaba de dicir, que ben vai a aforrar este mes vostede o salario dos catro concelleiros de Goberno, acaba de dicir que o Goberno non cobra, acaba de dicir.

Sr. Rodríguez Canosa: Acabo de dicir que o Goberno, os catro concelleiros de Goberno, non cobran este Pleno. É o que dixen.

Sr. Rodríguez Davila: Redúzase vostede a parte proporcional que lle corresponde a estas horas dedicadas ao Pleno e xa está, non pasa nada.

Señor Salustiano, nós non temos a culpa de que vostede este ao lado destes señores de Momento Salceda, a responsabilidade é súa, non é nosa, non se pretenda xustificar o inxustificable. Se vostede se vai retratar vostede mesmo dentro dun rato, se vostede vai votar contra si mesmo, cando aprobamos unanimemente contemplar unha circunvalación, un estudo de circunvalación, e vostede trouxo esta cousa, que nós levámolo no programa electoral, que apoiamos unanimemente, que fixemos unha reclamación por escrito porque deste Goberno non nos fiamos en absoluto, e menos de palabra, e o exemplo témolo dos salcedenses distinguidos que nin por escrito, incluso se nos anula na acta, que xa falaremos ao respecto do que eu dixen respecto do acto dos salcedenses distinguidos, nin unha comisión que é un órgano colexiado se non recolle que dicimos, vamos a fiarnos dun goberno dunha reunión privada, onde non hai ninguén que recolla unha acta oficial, onde a única vez que fomos ao principio deste mandato se nos entregou un folio en *word*, que vostede mesmo ratificou, en *word* sen asinar por ninguén, sen ningún *membrete* oficial, pero isto que? Pero vostede cre que nós vamos perder o tempo cun Goberno que nos trata de *ningunear* sistematicamente, incluso polos órganos colexiados e regrados como é unha comisión? Pero, non home, iso vostede, vostede si porque vostede a fixo Alcaldesa e ten que arrimar a ascua á sardiña senón a ver como o xustifica, pero claro, coidado que está entrando nunha contradición continua e sistemática. En canto aos señores do Partido Socialista, con todos os respectos, vaia papelón o seu.

Non falei antes do tema do convenio que supostamente están falando e negociando entre o Concello e a Comunidade de Montes de Entenza para sacarlle esa partida económica ás Escolas Deportivas que estaban pagando o aluguer do pavillón para que os clubs fosen a practicar deporte alí, xa nolo explicarán como están facendo, ollíño, presidente da Comunidade de Montes, concelleiro da Corporación; secretario da Comunidade de Montes, secretario da Comunidade de Montes, vamos a ver, nós todo o que sexa apoiar aos clubs, todo o que sexa sacarlle custe aos clubs e ás Escolas Deportivas, perfecto. Alá vostedes. Agora ben, de retirarlle a partida que tiñan como mínima asignada, non. Canto tiñan no ano do 2010 as Escolas Deportivas? Canto tiña o Caselas? Canto tiña o Entroido? Canto deixaron de percibir a Asociación do Carnaval, o Entroido da FEIRA e a Asociación Nós Somos Nós do Castro Barreiro durante os últimos 15 anos, que vostedes lles recortaron esa subvención, por moito que agora xa suban a parte? Canto diñeiro deixaron de ingresar? E os clubs? O Caselas? E a Asociación Amigos de Música? Canto deixaron de ingresar nos últimos 15 anos polo recorte que vostedes fixeron? E que nunca reverteron e que a día de hoxe tampouco reverteron e que non van a reverter directamente nos orzamentos... Logo se buscaran vostedes as *triquiñuelas* e nos parece moi ben que as busquen, pero non mintan aos colectivos, non enganen aos colectivos porque os documentos lle van a dar na cara. Non mintan. E votar en contra dun orzamento non é votar en contra dunha asociación concreta ou un club deportivo ou unha entidade



cultural ou unha asociación, non, é a suma total do orzamento en si. Polo tanto, como este Grupo vai a apoiar algo que, loxicamente, e efectivamente, señor Salustiano, traemos por escrito para que sexa un debate público, que estea gravado, que vostedes falen, que nos falemos e que votemos, porque vostede cre que vamos falar, nós, en privado con un Grupo que sistematicamente pretende, esa é a súa intención, *ningunearnos* en todos os actos, non aceptar nada do que dicimos, intentar ocultarnos, borrar o pasado etcétera, etcétera? Nin de broma, ata aí chegaríamos. Vostedes si, nós non, nós facémolo publicamente nun Pleno, con propostas por escrito, e xa está, non pasa nada, así é a democracia. Ou hai algún problema? Moléstalle que presentamos por Rexistro reclamacións a este orzamento? Non debería, non? Sobre todo cando son propostas para mellorar o que vostedes aprobaron xunto co Goberno minoritario.

Por lo tanto, deixar ben claro que o apoio deste Grupo aos colectivos sempre foi e será. Non recolle nin as cantidades que ata agora viñan percibindo o Caselas e as Escolas Deportivas, e ademais, salvo dúas, seguen coas mesmas de hai máis de 15 anos, xa non pedimos os incrementos que tiñan ata antes, para que non digan que pedimos o imposible, non, pero nin iso. Con estes orzamentos vostedes, BNG, PSOE e Movemento Salceda, din non aos colectivos, aos clubs, ás asociacións, ao Entroido, ás nosas festas tradicionais máis importantes, ao noso Caselas, ás Escolas Deportivas, á Banda Cultural, a ter un Plan xeral, un desenvolvemento industrial económico, unha circunvalación, máis e mellores servizos da Policía Local, iniciativas para os nosos mozos e máis e mellores equipamentos dotacionais, entre outras, e polo tanto, nós non podemos subscribir uns orzamentos onde non se contemple nin tan sequera unha das propostas que fixo este grupo. Nada máis.

Sr. Guerra García: Señor Davila, a respecto da circunvalación, se pensa que eu vou votar en contra da súa proposta e non ter asegurado e non ter confianza en que se está traballando no proxecto da circunvalación tal como pedimos na moción que foi aprobada por unanimidade, está equivocado. Nós esa confianza, de momento, témola, se algún día nos falla, tamén o diremos aquí, de momento témola; e xa no debate do Pleno de agosto, a señora Presidenta dixo onde estaba a partida para ese proxecto, dixo claramente onde estaba a partida para ese proxecto.

Indubidablemente vostede acaba de dicir que traen por escrito, mire, pero é que eu, se teño que pasarlle por escrito, porque as negociacións, efectivamente, cando se fan, as negociacións fanse sentados nunha mesa non se fan dentro dun organismo; e se eu teño que poñerlle por escrito ao Grupo de Goberno as nosas propostas, eu tamén o fago, sen problema ningún, non necesito traer un segundo Pleno para dicir o mesmo que dixo no primeiro. Eu non o necesito, en todo caso, sempre dixemos que os plenos extraordinarios que cremos que se poden aforrar debían aforrarse, neste caso, o Partido Popular, que poña no seu haber o custe deste Pleno.

Sr. Rodríguez Davila: En definitiva, o que se vai a votar aquí é se os membros desta Corporación están de acordo ou non cos gastos en festas, se estamos ou non de acordo coas inversións en limpeza e mantemento dos camiños estradas municipais, se estamos de acordo ou non co que se vai a destinar a Educación, se estamos de acordo ou non co que se vai para os centros culturais, o que se vai para o deporte, para as asociacións de veciños, para os comerciantes, para as asociacións industriais e autónomas, o que se vai destinar á nosa xente moza, ou a servizos sociais, ou ao funcionamento do propio Concello (ao persoal do mesmo, á Policía



Local, como dixemos, a Protección Civil); se estamos de acordo ou non con todo o que se fai polo noso Entroido, se non é posible mellorar o que se está a facer, a programación da Festa do Cristo, dos callos, do Nadal, campamentos, axudas a familias directamente con fondos propios do Concello, tanto e como apoiamos a nosas mulleres rurais, aos nosos maiores, ás nosas estudantes universitarias, aos nosos clubs deportivos, á nosa banda cultural e, *por ende*, á Asociación Amigos da Música. Vostedes, apoiando este presuposto, están de acordo exactamente con todo o que vén no mesmo, nós non, e por iso non podemos apoialo. É certo que non todo é negativo, é certo que algunhas cousas están ben e que estaríamos dispostos a apoiar, é certo que hai partidas que cumpren coa expectativa, digamos, que se debe recoller no orzamento pero é que a suma total e a maioría, nunha porcentaxe amplísima, non estamos de acordo e, polo tanto, nós non vamos poder apoiar este orzamento.

O que si lles digo é que vamos a seguir traballando para que en vindeiras ocasións se teña a ben a aceptar algunha das propostas e que lle quede ben claro a todos os colectivos, independentemente que sexan deportivos, culturais, asociacións de veciños etc., empresariais e veciñanza en xeral, que o voto deste Grupo neste Pleno non é en contra de ningún colectivo en concreto, dunha subvención en concreto, non, aquí se vota única e exclusivamente a totalidade do presuposto, senón outra cousa sería; e se realmente o Goberno tan bo quere ser con eses colectivos, por que non recolle as melloras nas subvencións nominativas? Non recolle ningunha, salvo excepcións, polo tanto, eles mesmos se retratan. Remato, señora Alcaldesa, o noso Grupo non vai apoiar estes presupostos porque cremos, primeiro, que quedan menos de tres meses para rematar o ano, e, en segundo lugar, porque non van a dar resposta expectativa en todos os ámbitos aos nosos veciños e a Salceda en xeral.

Sra. Alcaldesa: Pois, antes de proceder á votación, non vou deixar pasar a oportunidade de dicir o que penso. Non esperaba outra cousa, sabía que o voto ía ser en contra porque leva sendo, sistematicamente, en contra durante moitos anos. E é curioso o que se está vendo neste Pleno. Conta xeral non se presentan alegacións, curioso, *sen embargo*, aquí se debate, aínda que realmente non se di que se cambiaría ou que se quere. Non se presentan alegacións e o Informe de intervención, lido de maneira nesgada e terxiversando gran parte do texto, este si que lles vale, ese si que o collen de maneira textual, repito, lido de maneira nesgada e terxiversando o seu contido. Iso na Conta xeral. Pero, curiosamente, nos orzamentos de 2025 non se sentan a participar na negociación e resulta que presentan, vounas a chamar, sen intención de faltar ao respecto a ninguén, pseudoalegacións, e o Informe deste orzamento que lles desestima absolutamente todo, entón este non ten validez. Conta xeral nos vale, orzamento non nos vale. E, por certo, tampouco vou deixar de apuntar que outras corporacións formadas polo Partido Popular, con maioría absolutísima, están sen orzamento a outubro de 2025. Dígoo porque sistematicamente argumenta esta situación, esta característica, como algo negativo, dígolle que vexa un pouquiño ao seu redor e verá que iso non ten absolutamente nada que ver cunha mala xestión, senón cun proceso de negociación. E me preocupa, de verdade, me preocupa o que vivimos neste Pleno extraordinario porque mostra, ao meu humilde entender, moita desesperación pola súa parte: atemorizar aos concelleiros, vou a mencionar neste caso, do Partido Socialista, “coidado Xurxo co que firmas”, “ten moito coidado”, porque incluso están pondo en tea de xuízo que un convenio entre a Comunidade de Montes da que es presidente o convenio pode ter algún tipo de risco. É tremendo que se utilicen estas cousas baixo un contexto, na miña opinión, de desesperación para atemorizar os compañeiros.



Paréceme tamén lamentable esa asfixia económica á que nos querían ter sometidos coa falta de aprobación de un orzamento, agora o van manifestar co seu voto en contra, coa falta de aprobación do REC. Non asfixian a este Goberno, están asfixiando aos provedores, ás empresas, aos autónomos e autónomas deste Concello. Claro, intentárono de moitas vías, vano seguir intentando, non vou a mencionar o intento de moción de censura, pero o que teñen que ter claro é que a quen prexudican con esta actitude de maneira sistemática é aos veciños e veciñas de Salceda non a este Goberno.

Agora si, de verdade, agradézolle moitísimo ao PSOE e ao BNG, esta capacidade de negociación e por fin chegar a este momento no que presumo que o orzamento vai saír adiante para o beneficio e a defensa sempre dos intereses dos veciños e veciñas de Salceda.

Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Aprobado en sesión extraordinaria do Pleno de 28.08.2025 o Orzamento xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2025, así como as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto no Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Publicado o anuncio de aprobación inicial no BOPPO núm. 166 de data 02.09.2025 e publicado o Orzamento e os seus anexos na sede electrónica do Concello desde o mesmo día.

Presentadas en tempo e forma as seguintes reclamacións ao orzamento, segundo informe do Rexistro municipal de data 24.09.2025:

NÚMERO REXISTRO	DATA REXISTRO	NOME E APELIDOS
2025-E-RE-2116	21/09/2025	JOAQUIN NÚÑEZ TRONCOSO

Visto o Informe de Intervención núm. 2025-0201 de data 24 de setembro sobre as reclamacións presentadas.

Vista a competencia plenaria para a aprobación do Orzamento municipal, segundo o exposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Propoño ao Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Desestimar, polos motivos expostos no Informe de Intervención núm. 2025-0201, as alegacións presentadas por Joaquín Núñez Troncoso (GRUPO PP).

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o Orzamento xeral do Concello, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte, deixando sen efecto as modificacións de crédito : XC 1/2025, XC 2/2025, XC 3/2025, XC 4/2025, XC 5/2025, XC 6/2025, XC 7/2025, XC 8/2025, XC 9/2025, XC 10/2025, XC 11/2025, TC 1/2025, XC 12/2025, XC 13/2025, TC 2/2025, TC 3/2025, XC 14/2025, TC 4/2025, XC 15/2025, XC 16/2025, XC 17/2025, XC 18/2025 e XC 19/2025.



ORZAMENTO SALCEDA DE CASELAS EJERCICIO 2025			
CAPITULOS GASTO		CAPÍTULOS INGRESO	
1.- Gastos de persoal	2.492.303,49	1.-Impostos directos	1.870.113,64
2.- Gastos en bens e servizos	3.026.765,72	2.-Impostos indirectos	50.933,15
3.- Gastos financeiros	88.170,92	3.-Taxas e outros ingresos	667.516,86
4.- Transferencias correntes	196.458,63	4.-Transferencias correntes	3.673.677,16
5.- Fondo de continxencia	-	5.-Ingresos patrimoniais	-
6.- Inversións reais	1.569.474,52	6.-Alleamento de inversións reais	-
7.- Transferencias de capital	-	7.-Transferencias de capital	1.398.836,12
8.- Activos financeiros	-	8.-Activos financeiros	-
9.- Pasivos financeiros	39.486,20	9.-Pasivos financeiros	-
TOTAL GASTOS	7.412.659,48	TOTAL INGRESOS	7.661.076,93

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios/as, persoal laboral e persoal eventual.

CUARTO. Publicar o anuncio de aprobación definitiva da referida modificación no Boletín Oficial da Provincia, inserindo o resumo por capítulos.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta entidade [<https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board>].”

VOTACIÓN: Sometido a votación a proposta o pleno, por SEIS VOTOS A FAVOR (4 de MS e 2 do PSdeG-PSOE), CINCO VOTOS EN CONTRA (5 do PP) e UNHA ABSTENCIÓN (1 do Grupo mixto-BNG) , adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Desestimar, polos motivos expostos no Informe de Intervención núm. 2025-0201, as alegacións presentadas por Joaquín Núñez Troncoso (GRUPO PP).

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o Orzamento xeral do Concello, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte, deixando sen efecto as modificacións de crédito : XC 1/2025, XC 2/2025, XC 3/2025, XC 4/2025, XC 5/2025, XC 6/2025, XC 7/2025, XC 8/2025, XC 9/2025, XC 10/2025, XC 11/2025, TC 1/2025, XC 12/2025, XC 13/2025, TC 2/2025, TC 3/2025, XC 14/2025, TC 4/2025, XC 15/2025, XC 16/2025, XC 17/2025, XC 18/2025 e XC 19/2025.

ORZAMENTO SALCEDA DE CASELAS EJERCICIO 2025			
CAPITULOS GASTO		CAPÍTULOS INGRESO	
1.- Gastos de persoal	2.492.303,49	1.-Impostos directos	1.870.113,64
2.- Gastos en bens e servizos	3.026.765,72	2.-Impostos indirectos	50.933,15
3.- Gastos financeiros	88.170,92	3.-Taxas e outros ingresos	667.516,86
4.- Transferencias correntes	196.458,63	4.-Transferencias correntes	3.673.677,16
5.- Fondo de continxencia	-	5.-Ingresos patrimoniais	-



6.- Inversións reais	1.569.474,52	6.-Alleamento de inversións reais	-
7.- Transferencias de capital	-	7.-Transferencias de capital	1.398.836,12
8.- Activos financeiros	-	8.-Activos financeiros	-
9.- Pasivos financeiros	39.486,20	9.-Pasivos financeiros	-
TOTAL GASTOS	7.412.659,48	TOTAL INGRESOS	7.661.076,93

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios/as, persoal laboral e persoal eventual.

CUARTO. Publicar o anuncio de aprobación definitiva da referida modificación no Boletín Oficial da Provincia, inserindo o resumo por capítulos.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta entidade [<https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board>].

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

